# I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## Consellería de Economía e Facenda

*Orde do 26 de febreiro de 1993 pola que se regula a expedición de ordes de pagamento para xustificar.*

Artigo 11º

Modifícase a periodicidade e as porcentaxes dos libramentos que as direccións xerais de Ensinanzas Medias e de Educación Xeral Básica librarán ás direccións provinciais para atende-los gastos de funcionamento dos centros docentes públicos a que se refire o artigo 3 da Orde do 12 de xaneiro de 1988 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios, que quedarán establecidos da forma seguinte:

O 40% no mes de xaneiro, o 30% no mes de abril e o 30% restante no mes de setembro.